


Nota de Prensa **Galería NÉBOA**

Mércores 3 de xullo do 2024, Lugo

- Exposición colectiva: **NÉBOA DE ESTÍO** de **Carlota Pereiro, Vicente Blanco e Sabela Eiriz**
- Dispoñible dende o **5 de xullo ata o 7 setembro do 2024**
- Enderezo **Rúa Lamas de Prado 31, Lugo**

O vindeiro **venres 5 de xullo** a **Galería NÉBOA** inaugura a mostra colectiva **NÉBOA DE ESTÍO** dos artistas **Carlota Pereiro** (Santiago de Compostela, 1988), **Vicente Blanco** (Cee, 1974) e **Sabela Eiriz** (Lugo, 1991).



NÉBOA

Carlota Pereiro (Santiago de Compostela, 1988), foi a artista escollida para inaugurar a galería NÉBOA o pasado mes de novembro. Graduada en Administración e Dirección de Empresas e mestrado en Deseño Textil e Superficies no Instituto Europeo de Deseño de Madrid. Expuxo de forma individual na Galería Arniches26 (Madrid) a mostra *Ajuar* e na Galería Marimón (Palma de Mallorca) *Malo será*. Ademais, desenvolve un gran labor de deseño e colabora habitualmente dende hai unha década co **Museo Nacional Thyssen-Bornemisza**.



Carlota Pereiro, *Te sostengo*, acrílico sobre lenzo cru, 95 x 123 cm, 2023.

Vicente Blanco (Cee, 1974) convídanos a outras formas de entender a vida e a dar voz os colectivos invisibilizados. Para Vicente o debuxo é un rexistro, unha marca ou unha pegada do noso paso polo mundo, “no debuxo todo permanece, incluso aquilo que queremos borrar”. Licenciado en Belas Artes na especialidade de Escultura pola Universidade de Vigo (1997) e Doctor en Belas Artes pola Universidade de Granada (2012). Blanco expuxo en prestixios museos de arte contemporánea como o MNCA Reina Sofía (Madrid), CGAC (Compostela), MARCO (Vigo) e o MUSAC (León). Amáis, foi distinguido coa bolsa da Fundación Pollock-Krasner (2023) e a súa obra está presente en destacadas coleccións como a Fundación María José Jove, o Centro Galego de Arte Contemporánea e o Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León, entre outros.



Vicente Blanco, S/T da serie *Os coleccionistas de formas*, grafito sobre papel, 28,5 x 21 cm, 2023.

Para **Sabela Eiriz** (Lugo, 1991) a potencia da fotografía non radica só na estética, senón na capacidade que ten de suxerir e dar forma as súas ideas. Sabela é unha artista multidisciplinar que traballa fundamentalmente coa fotografía, a escritura e o vídeo, cunha linguaxe baseada na poética, nas posibilidades expresivas das imaxes e na hibridación de formas e formatos. No seu traballo, combina unha aproximación conceptual cun hábito contemplativo, entrelazando experiencia, pensamento e emoción. A memoria, o tempo, a identidade, así como a metarreflexión sobre a imaxe e os procesos creativos, son protagonistas habituais nos seus proxectos.



Sabela Eiriz, ST da serie *Un lugar desprazado coma o meu corpo*,
fotografía dixital, Impresión en tintas pigmentadas sobre papel de fibras naturais 210g, 91 x 61 cm, 2024

NÉBOA

EXPOSICIÓN COLECTIVA: **NÉBOA DE ESTÍO** de **Carlota Pereiro, Vicente Blanco e Sabela Eiriz**

INAUGURACIÓN: **venres 5 de xullo do 2024**

LUGAR: **Galería NÉBOA** (Lamas de Prado 31, Lugo)

DATAS DA EXPOSICIÓN: **5 XULLO - 7 SETEMBRO, 2024**

CONTACTO: Alba López Porto, info@galerianeboa.com, T. 626 324 281